# SÓS

Fomos chegando sós
o frío a noite e mais nós

Arrincáronnos a ilusión
A patria ateigada
que portaba con vagancia
inertes corpos sen espírito

Arrincáronnos a patria
Ese soño que se esvaeceu
polo mar bravo do estreito

Ese vento achegounos ata a terra
e as lúas do faro
espertaron na noite

As nosas penas
veñen de tan fondo
como a lonxitude do mar
Pero tamén coñecemos a vida
dos amigos que faleceron
na procura da aventura

Na escuridade inmensa da noite
atracou cansa esta pateira:
A praia da vila
acolleu do mar un soño

Néboa de mar          Escuridade
Frío     Medo    Angustia

E chegamos nós sós
sen o frío e sen a noite
nós.

Sandra Lareo, Estrella Pedreira, Marisol Amosa, Alba Blanco e Rocío Peiteado,
4º ESO, 2003-04